



BRAVÍSIMAS! MULLERES NA MÚSICA

CICLO DE CONCERTOS DO CMUS DA CORUÑA

Sábado, 15 de febreiro de 2025 12:00H

César Concheiro Guerrico, frauta

Nelly Iglesias Ríos, piano

PROGRAMA

Piece Op.189

Forlane

Nocturne

Traüme

Tsetono

Sounds of the forest

Berceuse

Tango fantasia

Deep Blue

Caprice Op.174

Le merle blanc Op.161

Mel Bonis (1858-1937)

Germaine Tailleferre (1892-1983)

Lili Boulanger (1893-1918)

Dorothee Eberhardt (1952)

Christine K. Brückner (1967)

Sofia Gubaidúlina (1931)

Laura Neztel (N.Lago) (1839-1927)

Jacob Gade (1879-1963)

Ian Clarke (1964)

Eugène Damaré (1840-1919)

Eugène Damaré

César e Nelly dedícanse á docencia de frauta e piano nos Conservatorios Superiores da Coruña e Vigo, respectivamente

NOTAS AO PROGRAMA

Desta volta presentamos un concerto ao xeito de menú de degustación. O pequeno formato das obras non vai en menoscabo da profundidade e calidade das mesmas. Algúns nomes coma Bonis, Lago ou Boulanger corresponden a autoras cada vez máis presentes nas salas de concertos e máis nas aulas dos nosos conservatorios. Outras autoras, como as que hoxe temos o pracer de vos presentar, foron aparecendo cada vez máis nos nosos atrás facéndonos descubrir talento, calidade, técnica e profundidade. Esta pequena selección de autoras e autores do século XX e XXI aspira a ser unha mostra de que a música en pequeno formato, a xeito de poemas sonoros, pode dar nun recital coherente e emocionante, que vai dende a intimidade dunha Berceuse, á bravura dun tango, pasando polos sons da natureza nun bosque. A utilización do piccolo nas polkas de Damaré para rematar o programa dun xeito alegre e case que festivo, pechan este arco da vella sonoro que vos propoñemos para un domingo de inverno no que temos a fortuna de compartir música, ideas e imaxes neste precioso auditorio do Museo de Belas Artes da Coruña.

BRAVÍSIMAS! MULLERES NA MÚSICA

CICLO DE CONCERTOS DO CMUS DA CORUÑA

Sábado, 22 de febreiro de 2025 12:00H

Mateo Arnáiz e Ramón Carnota, guitarras

PROGRAMA

Segovia

Tonadilla

Allegro ma non troppo

Minueto pomposo

Allegro vivace

Danse Rythmique

Étude Fantasque

Von fern und Nah

Presti-digitadores

I. Presti

J. Rodrigo

I. Presti

I. Presti

I. Stölzel

M. Arnáiz

Mateo Arnáiz e Ramón Carnota, guitarristas e profesores do Conservatorio Profesional de Música da Coruña presentan un repertorio dedicado á figura da guitarrista e compositora Ida Presti.

NOTAS AO PROGRAMA

Ida Presti, considerada como a “máis grande guitarrista do século XX e posiblemente de todos os tempos” (Alice Artzt, 2007). Dende a súa infancia foi unha nena prodixio, dando o seu primeiro concerto como solista na mítica Salle Pleyel de París aos 10 anos de idade. A súa fama adquiriu outra dimensión cando casou por segunda vez co guitarrista Alexandre Lagoya, converténdose así no dúo de referencia no mundo guitarrístico.

Como compositora escribiu numerosas obras para guitarra entre as que destacan “Segovia”, dedicada ao histórico guitarrista cuxo nome leva a obra e “Danse Rythmique”. En canto ás obras para dúo, destaca o seu “Étude Fantasque”, de gran virtuosismo e lirismo por partes iguais.

Como dúo de guitarras, Ida Presti e Alexandre Lagoya foron dedicatarios de numerosas composicións entre as que destacan a “Tonadilla” do compositor Español Joaquín Rodrigo, que está considerada como unha das obras máis complexas técnicamente no repertorio para dúo de guitarras.

A continuación presentamos unha obra de Ingrid Stölzel, nacida en Alemaña pero residente en Estados Unidos dende 1991, que mostra a evolución do repertorio para dúo de guitarras na actualidade.

Como homenaxe a Ida Presti aparece a obra “Prestidixitadores”, que representa un xogo de mans entre dúas guitarras a imitando o xogo de palabras que se pode facer co nome e apelido da guitarrista.





BRAVÍSIMAS! MULLERES NA MÚSICA

CICLO DE CONCERTOS DO CMUS DA CORUÑA

Sábado, 8 de marzo de 2025 12:00H

Dedosd2 Marta Blanco Pascual – Xoán Manuel Iglesias Losada, piano
Daniel Zacarés Costa, piano

PROGRAMA

Claude Debussy (1862-1918)

Petite suite

1. En bateau
2. Cortège
3. Menuet
4. Ballet

María García Mendoza (1975-)

Tres pezas para piano a catro mans

1. La Bella
2. Pequeño vals de las tres morillas
3. Balakovo

François Poulenc (1899-1963)

Sonata para piano a catro mans FP8

1. Prelude
2. Rustique
3. Final

A idea de formar **dedosd2** xorde en 2011 como froito do noso interese polo repertorio para o piano a catro mans e dous pianos. Comezamos a nosa andaina en 2012 e durante esta viaxe temos interpretado músicas de autores tan variados coma Samuel Barber, Johannes Brahms, Antonin Dvořák, György Ligeti, Wolfgang Amadeus Mozart ou Ástor Piazzolla. Presentamos agora un novo programa de concerto integrado por obras de diferentes épocas e estilos compostas por Claude Debussy, María García Mendoza e Francis Poulenc que desexamos sexa do voso agrado.

Carol Klose (1945-2013)

Garden Treasures. 5 Pieces for piano. (2009)

- 1.- Water Lily Garden
- 4.- Jasmine in the Mist

Fanciful Waltzes. 5 Character Pieces for piano (2004)

- 1.- Crystal Ballerina
- 2.- Transylvania Ball
- 3.- Lullaby in Blue
- 4.- Petite Waltz
- 5.- Maestro, there's a Fly in my Waltz

Laura Vega (1978)

Poema a un amor eterno para piano (2020)

Encargo do Concurso Internacional de Piano de Jaén

Grażyna Bacewicz (1909-1969)

Sonata No.2 para piano (1953)

- I. Maestoso – Agitato
- II. Largo
- III. Toccata. Vivo

Daniel Zacarés Costa recibiu as súas primeiras clases de música do seu pai. Foron os seus mestres de piano: Vicenta Pilar Raga, Tomeu Jaume, Perfecto García Chornet, Roberto Bravo e Enrique Pérez de Guzmán. Laureado en diferentes concursos nacionais na actualidade é Profesor de piano e Xefe do Departamento de Tecla do Conservatorio de Música da Coruña.

NOTAS AO PROGRAMA

Sobre as obras de María García Mendoza

“Non sei se teño alumnado ao cal realmente lle gusta a miña música ou é que me queren facer moitísimo a pelota. O caso é que, dende fai uns anos, o alumnado de Piano Complementario do CMUS de Ourense pídemme obras miñas para tocar. E claro, non todas son sinxelas. Así que a solución foi facer uns arranxos para 4 mans de obras miñas xa existentes. “

La Bella é o leit motiv da protagonista da suite para banda “La Bella Durmiente”. Este tema sinxelo converteuse, por petición popular, nunha peza para piano e está incluída no disco Intro.

Pequeño vals de las tres morillas nace roubando o tema homónimo do Cancionero Musical de Palacio dos s. XV e XVI e convertendo ás súas protagonistas nunhas escapistas que foxen de noite para bailar un valse polas rúas sen que ninguén mire para elas. Esta variación foi escrita durante o confinamento e está incluída no disco Cronos.

Balakovo é un tema orixinal para saxo e piano, incluído no disco Nova.

A segunda parte do concerto presenta tres diferentes achegas ao repertorio pianístico. A primeira é ao do repertorio pedagóxico, orientado a novos estudantes. A segunda ao das obras expresamente compostas como pezas obrigadas en concursos de piano. E a terceira ao prolífico mundo da sonata.

Carol Klose, titulada pola Universidade Dominicana (summa cum laude) e a Escola de Belas Artes de Villa Schifanoia (Italia). Ensinou piano e composición de forma privada en Milwaukee, Wisconsin. Anteriormente foi membro do corpo docente do Conservatorio de Música do Wisconsin College, e dirixiu talleres e clases maxistras en Estados Unidos e Australia, especializándose en composición estudantil.

Garden Treasures: as pezas están dedicadas aos xardineiros e á beleza que son capaces de crear.

A primeira das pezas está dedicada a Jinny Blom, mestra xardineira e gañadora do Gold Award no 2007 Chelsea Flower Show. A imaxe desta música é a dun xardín que conta cun estanque pequeno e tranquilo salpicado de elegantes nenúfares brancos.

A autora conta da segunda peza “...Mentres traballaba no meu título de posgraduado en Italia, tiven o privilexio de vivir e estudar durante dous anos nunha vila do século XVI nos arredores de Florencia. Esta peza inspirouse nos recordos das exóticas vides de xasmín que crecían nos muros centenarios desa vila situada nos outeiros da Toscana. Pola noite, o intenso perfume do xasmín impregnaba o aire cálido, mentres que baixo a brumosa choiva toscana, as flores brancas adquirían unha aparencia onírica e surrealista.”

Fanciful Waltzes: A primeira das pezas está inspirada nunha caixiña musical propiedade da autora na súa nenez. A segunda está inspirada nas películas de vampiros en branco e negro que vía de pequeniña. A terceira é unha canción de berce escrito de maneira jazzística. A cuarta está inspirada nos vales vieneses do século XIX. Finalmente, a quinta peza é unha divertida parodia que non necesita moita explicación.

Laura Vega Santana naceu en Vecindario (Las Palmas de Gran Canaria). Formada instrumentalmente no piano e o oboe, na actualidade é profesora no Conservatorio Profesional das Palmas de Gran Canaria e desde o 2011 é Académica Numeraria da Real Academia Canaria de Belas Artes. Ten unha extensa produción como compositora abarcando multitude de xéneros e formacións.

A peza ‘Poema a un amor eterno’ está inspirada nun poema de Santiago Gil extraído do seu poemario Té Matcha (“Después de que todos se marchan/ solo queda el silencio de la ausencia./ tu y yo desnudos en la cama/ con la muerte en medio./ Aprieto mi mano buscando la tuya/ o la extiendo para recorrer tu cuerpo./ Las cenizas que me dieron no saben tu nombre./ Nuestras almas se siguen amando/ más allá de este tiempo mendaz de la existencia.”) Foi encargada á compositora para ser obra obrigada na 63 edición do Concurso Internacional de piano de Xaén. É unha obra de intensa emoción que require do intérprete máis poesía que virtuosismo.

Crażyna Bacewicz foi unha compositora e violinista polaca de orixe lituana. O seu pai deulle as súas primeiras leccións de piano e violín. En 1928 comezou a estudar piano, violín e composición no Conservatorio de Varsovia, graduándose en 1932 como violinista e compositora. Continuou a súa educación en París con Nadia Boulanger (composición) e André Touret (violín). Alternou a interpretación ao violín e a composición ata que esta última converteuse na súa única ocupación a partir de 1954. Morreu dun infarto en 1969 en Varsovia.

Sonata para piano No.2: Estreada pola propia compositora en decembro de 1953. Xunto cos Dez Estudos de Concerto, foi a obra favorita da compositora de todas as súas composicións para piano. I. Maestoso. Agitato: comeza cunha introdución de dous compases, Maestoso, que conduce ao electrizante Agitato. Este movemento moi expresivo, feroz e dramático está escrito cunha sonoridade que é distintivamente do século XX, pero que se remonta ao período clásico e ás yuxtaposicións de estados de ánimo. II. Largo: trae os primeiros momentos de calma, comezando cun coral lúcido e digno. A melodía do coral na voz superior aparecerá en varios lugares ao longo do movemento, que se pecha cunha inesperada sección en fugato e un regreso do coral inicial lixeiramente modificado. III. Vivo: Toccata, escrito en 3/8 e nunha forma de danza folclórica polaca, o oberek. O abandono total, a enerxía, o atrevemento e o vigor rítmico poden dar ao oínte unha idea do propio carácter da compositora.



BRAVÍSIMAS! MULLERES NA MÚSICA

CICLO DE CONCERTOS DO CMUS DA CORUÑA

Sábado, 15 de marzo de 2025 12:00H

Pablo Diago Busto, piano

PROGRAMA

Sonata Op.27 No.14

Estudio Op.104 No.1

Nocturno en Sol menor

“Blunte Blätter No.4 Op.99

Variacións Op.2

sobre un tema de Robert Schumann

Nocturno Op.6 No.2

L. V. Beethoven

Félix Mendelssohn

Fanny Mendelssohn

Robert Schumann

Clara Wieck

Clara Wieck

Pablo Diago Busto. Comeza os seus estudos musicais no Conservatorio da súa cidade natal, A Coruña. Discípulo en Madrid dende os 12 anos do prestixioso mestre Manuel Carra, é galardoado en distintos certames de Piano, o que lle permite desenvolver a súa carreira como concertista actuando en escenarios nacionais e internacionais. Becado pola fundación "Pedro Barrie de la Maza", finaliza no ano 2002 os seus estudos de posgrao en Amsterdam co distinguido pedagogo e pianista Jan Marisse Huizing. Na actualidade, combina a súa actividade artística coa docencia, que imparte como Profesor de Piano e Pianista Acompañante no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

NOTAS AO PROGRAMA

Comezamos coa Sonata para piano n 14 en Do sostenido menor "Quasi una Fantasia", que é a segunda sonata do Opus 27, tamén chamada "Sonata Claro de Luna", aínda que debe aclararse que Beethoven non tivo nada que ver na citada titulación. Sen dúbida, as Sonatas para piano de Beethoven son unha das máis rigorosas contribucións pianísticas de todas as épocas. A indicación de Beethoven "Quasi una Fantasia" evidencia o carácter a obra, que aínda enmarcada nunha estrutura clásica, presenta unha linguaxe expresiva netamente romántica. Dedicada á condesa Giulietta Guicciardi, consta de tres movementos, sendo o primeiro un "Adagio Sostenuto" que substitúe ao habitual primeiro movemento en "Allegro" da Sonata clásica.

Os irmáns Félix Mendelshon (Hamburgo, 3 de febreiro de 1809) e Fanny Cäcilie Mendelssohn (Hamburgo, 14 de novembro de 1805), demostraron dende pequenos un talento excepcional para a interpretación e a composición musical a partes iguais. Pero cando creceron, os roles sociais preconcebidos para homes e mulleres truncaron a carreira de Fanny, a pesar de que moitos, e moi especialmente o seu irmán, admiraron sempre o seu talento. Só o paso do tempo e a recuperación da súa obra por algunhas firmas prestixiosas de música colocaron a Fanny no lugar que a na súa época, o seu mundo nunca lle deixou.

O Estudo Op.104/1, é o primeiro dunha serie de tres estudos que compuxo Félix Mendelssohn na primeira década dos anos 30 do século XIX. Destaca pola súa fermosa melodía central que prevalece ao longo de toda a peza adornada por fervenzas de arpejos.

O "Nocturno en Sol menor" de Fanny Mendelshon segue o modelo dos nocturnos para piano de moda na súa época: de curta extensión e cunha melodía lírica que destaca encima dun acompañamento constante. Ten certa familiaridade coas "Cantigas sen Palabras" do seu irmán Félix, o que non fai máis que constatar o tipo de estética compartida. Esta peza permaneceu inédita durante a vida de Fanny.

O recital continuará con pezas do matrimonio Schumann.

Clara Wieck naceu en Leipzig, Alemaña, o 13 de setembro de 1819. O seu talento interpretativo desde moi curta idade, colocouna ao nivel dos grandes do teclado. Tanto é así, que Robert Schumann, entón estudante de dereito de 19 anos, viviu durante aproximadamente un ano na casa dos Wieck para recibir ensinamentos de piano da súa filla, que por aquel entón tiña tan só 9 anos. Tras ese primeiro encontro, nos seguintes anos Robert e Clara foron construíndo unha amizade, e desesa amizade, finalmente xurdiu o amor. Clara e Robert contraen matrimonio en setembro de 1840. Robert, dedícase case exclusivamente á composición, pero a situación financeira aboca a Clara a dar uns 139 concertos en 14 anos de matrimonio. Clara admira o labor creativo do seu marido. O seu desexo era "que Robert puidese vivir entregado á súa música e que non tivese ningunha preocupación que o descentrase da súa vida artística". Pero Clara, ademais de ser unha das pianistas máis recoñecidas de época, tamén compón e de maneira absolutamente brillante. Robert e Clara admirábanse mutuamente, e dedicábanse mutuamente pezas. Podemos afirmar sen dúbida, que o binomio Clara-Robert resultou, ademais de fascinante, enormemente produtivo.

En 1983 Clara escribiu no seu diario: "Hoxe comecei a compoñer de novo, por primeira vez en varios anos. Para o aniversario de Robert quero escribir variacións sobre un tema dos seus "Bunte Blätter". Con todo, é difícil para min porque estiven afastada da composición por demasiado tempo". Será interpretado hoxe o tema orixinal de Robert Schumann sobre o que se inspirou Clara e a continuación as propias "Variacións op. 20 sobre un tema de Schumann" de Clara Wieck.

Para pechar o recital, interpretarase o Nocturno op. 6, número 2 de Clara Wieck, unha peza deliciosa, netamente romántica, outra xoia musical que nos regala Clara entre o seu amplo legado.